

COMISIÓN INFORMATIVA DE TERMALISMO, TURISMO E MEDIO AMBIENTE

ACTA da mencionada comisión informativa, correspondente ao día **21 de maio de 2020**

Ás 17.50 horas do día 21 de maio de 2020, reúnese a comisión informativa de Termalismo, Turismo e Medio Ambiente a través do sistema de videoconferencia (a través do enlace <https://call.lifesizecloud.com/3450561> remitido coa convocatoria) coa asistencia dos seguintes deputados e deputadas:

Presidenta: D.^a Ana María Villarino Pardo

Deputados/as do Grupo Popular:

D. Jorge Pumar Tesouro

D.^a Consuelo Vispo Seara

D. Miguel Antonio Cid Álvarez

D.^a Ana Patricia Torres Madureira

Deputados/as do Grupo Socialista:

D.^a Susana Rodríguez Estévez

D. Álvaro Vila Araújo

D.^a Margarita Pérez Fernández

Deputado de Democracia Ourensana: D. José Miguel Caride Domínguez

Deputado do BNG: D. Bernardo Varela López

Deputada de Ciudadanos-Partido de la Ciudadanía: D.^a Montserrat Lama Nóvoa

Interventor: D. José Mosquera Casero

Actúa de **secretario** da comisión, dando fe do acto, don Juan Marquina Fuentes, vicesecretario xeral da Deputación Provincial de Ourense. En particular, e dado o sistema de videoconferencia empregado para a realización da sesión, dáse fe da concorrencia en tempo real dos asistentes, aos que reconece a través da imaxe retransmitida e de que se encontran en

territorio español, e da súa capacidade efectiva de participación nas deliberacións que se producen na reunión, así como da manifestación da súa vontade a través do voto.

Seguidamente, iniciouse o tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, do xeito que se reflicte a continuación:

1º.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á ORDINARIA DO DÍA 20 DE FEBREIRO DE 2020.-

Pola Secretaría Xeral deuse traslado do borrador da acta anterior, correspondente á ordinaria do día 20 de febreiro de 2020.

Non se producen intervencións e por unanimidade a comisión adopta o seguinte acordo:

Aprobar a acta da sesión ordinaria da Comisión Informativa de Termalismo, Turismo e Medio Ambiente do día 20 de febreiro de 2020, conforme co borrador elaborado pola Secretaría Xeral.

2º.- MOCIÓN DE URXENCIA.- Non se presentan.

3º.- ROGOS E PREGUNTAS.- Nesta quenda prodúcense as seguintes intervencións:

D.^a Susana Rodríguez Estévez, do Grupo Socialista, pregunta polo estado tramitación das prospeccións termais no pazo provincial.

A **presidenta da comisión** indica que non hai novidades dende a última comisión.

D.^a Susana Rodríguez Estévez, do Grupo Socialista, pregunta que medidas se van implementar dentro do selo de Ourense destino seguro no eido do termalismo.

A **presidenta da comisión** indica que a plataforma empezará a funcionar en xuño, e é una especie de selo de calidade para que se poidan unir os establecementos turísticos da provincia, e que a Deputación asumirá una parte do custo para as empresas da provincia.

D.^a Margarita Pérez Fernández, do Grupo Socialista, solicita información sobre as medidas sanitarias e de seguridade que se adoptarán para a apertura das instalacións termais da provincia, xa que a concelleira do Partido Popular do Concello de Ourense indicou recentemente que non se abrirían a curto prazo

A **presidenta da comisión** indica que, en efecto, todo depende das medidas sanitarias e de seguridade que se impoñan e que unha vez que os establecementos as poidan cumprir procederíase á apertura ao público.

Remata a presidenta informando sobre as bases do Programa termalismo solidario publicadas no BOP de 2 de maio

E, ás 18.10. horas, dáse por finalizada a reunión, redactándose a presente acta que se asinará electronicamente. Dou fe.